



O ingreso da autoliquidación non causará dereito algún e non faculta ó interesado para realizar os aproveitamentos, que só poderán levarse a cabo cando o Concello conceda a autorización correspondente.

Unha vez tramitado o expediente, practicaranse os aboamentos ou esixiranse as diferenzas que procedan.

Autorizada a utilización ou aproveitamento, entenderase prorrogado automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo a utilización non se leve finalmente a cabo, o Concello procederá a devolución da taxa correspondente.

O usuario deberá velar polo bo uso das instalacións, sendo responsable dos deterioros causados.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

21º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE PRAZA DE ABASTOS E MERCADO.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei, acorda a imposición e ordenación da Taxa polo servizo de praza de abastos e mercado.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Ven constituído polas seguintes utilizacións de postos:

- a) Postos fixos no interior da praza de abastos.
- b) Postos fixos no exterior da praza de abastos.
- c) Postos fixos nos terreos do mercado.
- d) Postos eventuais nos terreos do mercado.
- e) Utilización das cámaras frigoríficas.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS	
CONCEPTO	IMPORTE €
Postos fixos no interior da Praza de Abastos	
Por cada posto de canicería ou conxelados (trimestral)	248,12
Por cada posto de peixe fresco ou de bancada dobre (trimestral)	76,28
Por cada posto de froitas, alimentación, e bar (trimestral)	153,16
Por cada posto de venda de porco salgado (trimestral)	76,28
Por cada posto de venda de peixe de bancada sinxelo (trimestral)	38,06
Por cada posto de venda de hortalizas (día)	1,30
<i>POSTOS FIXOS NO EXTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS</i>	
Por cada posto fixo pechado nos soportais da Praza (trimestral)	368,75
<i>POSTOS FIXOS NOS TERREOS DO MERCADO</i>	
Asistindo 1 día/semana (por m ² /trimestral)	11,37
Asistindo 2 días/semana (por m ² /trimestral)	18,78
<i>POSTOS EVENTUAIS NOS TERREOS DO MERCADO</i>	
Por cada m ² ou fracción/día	1,30
Utilización das Cámaras Frigoríficas	
Por cada caixa de peixe (día)	1,30

ARTIGO 6º.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

- No caso de postos fixos, o período impositivo coincidirá co trimestre natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta, que se producirá coa solicitude da correspondente autorización. As cotas serán irreductibles, sendo prorrateables por meses naturais, nos supostos de altas e cese dos aproveitamentos.
- Si se trata de postos de hortalizas, postos eventuais e utilización de cámaras frigoríficas, o período impositivo será por día. O devengo da taxa prodúcese no momento de solicitala correspondente autorización.

ARTIGO 7º.—NORMAS DE XESTIÓN.

- As concesións de uso e disfrute de instalacións dispoñibles outorgaranse provisionalmente a petición da parte interesada pola Xunta de Goberno Local, ou o Sr. Alcalde, e con carácter permanente por medio de subhastas que se celebrarán segundo o establecido na normativa legal aplicable á Administración Local.
- O encargado do mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio, relación de tódolos obrigados ó pago por instalacións fixas, indicando a súa numeración, destino e cota sinalada, para que o Departamento de Rendas, poida computala cos antecedentes das súas respectivas oficinas. Remitirá, así mesmo mensualmente, relación de altas e baixas ocorridas con expresión das datas que teñan lugar.
- As persoas interesadas en ocupar postos por día, solicitarano ó encargado do mercado, quen sinalará o lugar e efectuará o cobro da taxa no momento da ocupación.
- De producirse a devolución dos recibos enviados ó banco, os gastos ocasionados correrán a cargo do titular do recibo.

ARTIGO 8º.—INGRESO.

O pagamento da taxa realizarase:

- Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, no momento de presentala correspondente solicitude de alta. Non se tramitará o expediente sen que se teña efectuado o pago da taxa.
- Tratándose de concesións de aproveitamentos xa prorrogados, unha vez incluídos na relación de usuarios, o primeiro día do trimestre natural, ou no seu caso, nas datas que determine a Alcaldía.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

22º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ASISTENCIAS E ESTANCIAS NA GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL DE CAMBADOS E LUDOTECA NOS MESES DE VERÁN.-**ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.**

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa por asistencia e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán (xullo e agosto).

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa que se establece, a prestación dos servizos por asistencia e estancia na Gardería Infantil Municipal e ludoteca de verán.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da presente Ordenanza.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

GARDERÍA	
RENDA PER CAPITA MENSUAL	COTA MENSUAL
Familias con renda inferior ó 30% do IPREM.	Exentas
Familias con renda entre o 30% e o 50% do IPREM	Exentas
COMEDOR	16,50 €
Familias con renda entre o 50% e o 75% do IPREM	33 €
COMEDOR	16,50 €
Familias con renda entre o 75% e o 100% do IPREM.	66 €
COMEDOR	25 €
Familias con renda entre o 100% e o 125% do IPREM.	106 €
COMEDOR	35 €
Familias con renda entre o 125% e o 150% do IPREM.	126 €
COMEDOR	50 €
Familias con renda entre o 150% e o 200% do IPREM.	139 €
COMEDOR	60 €
Familias con renda superior ó 200% do IPREM.	160 €
COMEDOR	70 €